

BAIXO A RAMA DE MUÉRDAGO

Hai moito tempo despois dunha gran festa comentábase no pobo: "Na festa había un viúvo que chegou aquí recentemente e que era un home moi melancólico, pois estivo apartado da xente a maior parte da noite". Máis tarde souberon que levara a conta secreta de todos os bicos dados e recibidos baixo a rama de muérdago.

A festa estaba integrada polo anfitrión e a súa esposa, outros tres matrimonios, un viúvo e tres viúvas, outros doce rapaces solteiros, e outras dez rapazas solteiras. Pois ben, atopou que todas as persoas bicaran ás demais coas seguintes excepcións: ningún home bicara a outro home. Ningún home casado bicara a unha muller casada, salvo á súa dona. Todos os rapaces solteiros bicaran a todas as rapazas dúas veces. O viúvo non bicou a ninguén e as viúvas non se bicaron mutuamente. **O acertixo consiste en adiviñar exactamente cantos bicos foron dados baixo a rama de muérdago, supoñendo que cada bico foi retribuído (o dobre acto debe contarse coma un só bico).**